

A/a:
Felipe Arias Vilas
Director Xeral de Patrimonio Cultural
Xunta de Galicia

As Pontes, 28 de febreiro de 2008

Estimado señor:

Dirixímonos a vostede coa intención de informalo ao respecto da preocupante situación que están a padecer as mámoas da Mourela, afectadas polas obras da autovía AG-64 Ferrol-Vilalba.

Nos últimos meses executáronse unha serie de operacións nas inmediacións dos elementos catalogados GA15070127, GA15070129 e GA15070130 que pasamos a referenciar:

- **Apertura de pista de acceso á Fonte das Buliqueiras:**
Desbroce, movemento de terras e afirmado; actuando no entorno do elemento catalogado GA15070130, ubicado na zona SW do desmante.

- **Execución de cuneta de cabeza de talud revestida de formigón:**
Na zona S do desmante, afectando ao entorno dos elementos catalogados GA15070129 e GA15070130.

- **Traballos de estabilización de taludes na zona N do desmante:**
Remoción de terras e tendido de zonas inestábeis do talud, aproximándose ao elemento catalogado GA15070127.

Asemade temos constancia de varios desprendementos de terra que se produciron na zona N do desmante durante a semana pasada e que afectaron á área de cautela arqueolóxica do elemento catalogado GA15070127, reducindo de 20 a 10 metros a distancia do marxe do talud con respecto da mámoa.

Descoñecemos se as operacións, realizadas no xa reducido ámbito de protección das mámoas, contaban co preceptivo permiso da súa Dirección Xeral, mais temos constancia de que non houbo ningún arqueólogo efectuando os controis arqueolóxicos das distintas operacións.

Por todo o anteriormente exposto compraceríanos coñecer:

- Que medidas vai a tomar a súa Dirección Xeral de cara á consolidación das tres estruturas arqueolóxicas que permanecen aínda na Mourela.

- Cal é a estimación da COTOP ao respecto do risco de desaparición do elemento GA15070127.

- Que medidas se van a tomar para evitar máis desprendementos na zona N do desmante que poidan por en perigo a integridade do elemento GA15070127.

Ate.

Plataforma para a Defensa do Patrimonio das Pontes